

## **BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA, QUE REXERÁ A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN DE FEIRA, NAS FESTAS PATRONAIS DE SAN BIEITO 2025 DO CONCELLO DE GONDOMAR**

### **1. OBXETO e REGULACIÓN.**

As presentes bases e convocatoria teñen ten por obxecto regular a solicitude e autorización temporal dun espazo publico ( a definir polo Concello de Gondomar), destinado a instalación de atraccións, casetas, tómbolas e outras instalacións desmontables coa finalidade da prestación de servizos de ocio ou similares, no contexto das festas patronais *de San Bieito 2025* no Concello de Gondomar.

As instalacións portátiles ou desmontables de atraccións constitúen unha actividade recreativa segundo o previsto na Lei 10/2017, pois consonte ao previsto no seu artigo 3 as actividades recreativas son aquelas que ofrecen ao público produtos ou servizos con fin de recreo , entretemento ou ocio.

O artigo 12 da Lei 10/2017 remite á Lei 9/2013 respecto do réxime de intervención administrativa nas actividades recreativas, e no artigo 40 da Lei 9/2013 define que as actividades recreativas están sometidas ao réxime de declaración responsable.

AMÁIS DESTAS BASES ESPECÍFICAS a normativa aplicable á presente convocatoria específica rexerese por:

- Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Decreto 124/2019, de 5 de setembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecemos abertos ao público na comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.



- ORDE de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
- Decreto 226/2022 de 22 de decembro polo que se regulen determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo etc. publicada (BOP Pontevedra 23/12/2015).
- Ordenanza municipal reguladora de medio ambiente, limpeza e convivencia (BOP Pontevedra 03.05.2017)

En todo o non recollido polas presentes bases, será de aplicación a normativa de referencia.

O descoñecemento das presentes bases e convocatoria específica, ou da normativa específica, que poida ser de aplicación nas actividades recreativas ou nas instalacións temporais desmontables, non eximirá ao autorizado da obriga do seu cumprimento.

## 2.EFECTOS E VIXENCIA

O terreo onde se instalaran as atraccións, casetas ou barracas é de titularidade municipal, polo que só poderá ser o Concello, quen ostente a potestade para delimitar e distribuír os espazos, así como para autorizar o uso do mesmo, sen que a localización de anos anteriores sexa vinculante.

A autorización que se concede vincularase a un espazo concreto e definido, e terá unha duración temporal e limitada, sen que dea lugar a un procedemento de renovación automática, nin conlevará, unha vez extinguida, , ningún tipo de vantaxe para o solicitante nin persoas vinculadas con el para a seguinte convocatoria.

A autorización para o uso do espazo realízase coa finalidade exclusiva de que nese espazo se instalen e funcionen os elementos das instalacións desmontables, coas tarefas propias das tarefas de instalación e retirada de tales elementos.

A persoa ou entidade que resulte adxudicataria, é a responsable ante o Concello de Gondomar, da realización e cumprimento de todas as xestións precisas para a instalación das atraccións, casetas ou



barracas, o seu correcto funcionamento e a súa retirada unha vez finalicen as festas patronais.

### **3. DESCRICIÓN DA SUPERFICIE A OCUPAR E DISTRIBUCIÓN.**

O espazo/ espazos que o concello pon a disposición para a montaxe das atraccións de feira, barracas, postos, etc, son:

- Entorno do Complexo Deportivo das Cercas.

O Concello de Gondomar non autorizará as instalacións fora do espazo habilitado para este fin.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias , en vista das solicitudes das mesmas ( dimensións e esixencias de espazo de seguridade das instalacións) o Concello de Gondomar será o encargado de asignar a localización e distribuír o espazo, podendo ( respectar as localizacións concedidas en anos anteriores sempre que sexa solicitado polo solicitante.

A distancia mínima de seguridade entre montaxes será a que determine o informe de situación e distribución, asinado e certificado por un técnico competente na materia.

**O Concello de Gondomar facilitará aos solicitantes que resulten adxudicatarios copia do plano de distribución das atraccións, onde se definen os corredores ou espazos que deben quedar libres de obstáculos.**

O Concello de Gondomar non permitirá a adxudicación ou a cesión de espazos por parte de ningún solicitante,

A Policía Local garantizará a orde e a seguridade e dará cumprimento ao resolto polo departamento de Turismo. Controlará as horas de peche e a documentación acreditativa do permiso de instalación e funcionamento de cada unha das solicitudes presentadas, e precintará todas aquelas que non contén coa autorización de ocupacion do espazo público.



Previa á resolución de autorización da ocupación do espazo público deberá contarse co informe no que se sinala que a declaración responsable para instalación da atracción de feira, posto desmontable, barraca, etc. está completa.

#### POSIBILIDADE DE ESTADIA RESIDENCIAL

De ser preciso, o Concello de Gondomar poñerá a disposición dos feirantes unha zona para a instalación de caravanas, para estadía provisional.

A solicitude para instalación de autocarvanas realizarase de xeito separado, e en tal solicitude deberán indicar o tempo e os metros cadrados a ocupar, e aboar a taxa de ocupación de dominio público. A xestión de residuos debera facerse pro medios propios.

A Policía Local emitirá informe onde se recolla os número, ubicación e titulares /responsables das autocarvanas

Ao remate da feira, o terreo destinado a este fin, deberá atoparse en perfecto estado de conservación, polo contrario, o autorizado será o responsable de aboar os danos causados.

#### 4. PRAZO DE AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN - DATAS E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO.

Unha vez obtida a autorización de ocupación, para a instalación e desmontaxe disporá dun prazo comprendido entre o 7 e o 15 de xullo ambos incluídos, rexéndose polas seguintes condicións:

- a) **MONTAXE:** a instalación poderá comezar a realizar a partir do luns 7 de xullo.

**As casetas e atraccións deberán estar totalmente instaladas ás 9:00h do día 10 de xullo**, prohibíndose unha vez iniciada a festa, se instale ningunha atracción, posto ou caseta salvo autorización expresa do Concello de Gondomar.



- b) **DESMONTAXE:** tras a finalización da festa o domingo 13 de xullo ás 04:00h poderán comezar os traballos de desmontaxe cun prazo máximo ata o martes 15 de xullo.

A partir do 15 de xullo de 2025 os espazos habilitados para a colocación das atraccións, postos, barracas, etc deberá quedar baleiro e en perfecto estado de limpeza e conservación.

**Desmontar calquera tipo de caseta, posto ou atracción antes do remate da festa, poderán conlevar a posibilidade de EXCLUSIÓN/NON ADMISIÓN DA SOLICITUDE en vindeiras convocatorias**

- c) **FUNCIONAMENTO DAS ATRACCIÓNS/POSTOS** : do 10 ao 13 de xullo, ambos incluídos conforme aos horarios de apertura e peche que se detallan a continuación:
- I. APERTURA: a partir das 16:00h todos os días durante o prazo de funcionamento os días de festa.
  - II. PECHE: ata as 04:00h, hora de remate da festa.
  - III. En todo caso, quedan prohibidos os ruídos, música e sons fora de ese horario. De non atender esta prohibición, poderanse adoptar medidas como a retirada inmediata da atracción, caseta ou posto.

O horario de peche dos postos, casetas ou atraccións, significa NON EXERCER ACTIVIDADE COMERCIAL ALGUNHA.

## 5. NORMAS DE FUNCIONAMENTO/CONVIVENCIA E OBRIGAS DOS SOLICITANTES

- Os solicitantes asumen, baixo a súa responsabilidade e o seu custe, a infraestrutura necesaria para a subministración eléctrica, tanto para as atraccións como as súas vivendas de ser o caso, así como calquera outro servizo necesario para o desenvolvemento da actividade ou estancia durante o período de autorización de instalación.
- Todas as atraccións, postos ou casetas deberán funcionar con xerador. En ningún caso se poderá enganchar ao subministración eléctrica pública e menos sen autorización municipal previa.
- A eficacia da ocupación, vincúlase a que a instalación autorizada deberá permanecer inalterable.



- No caso de que a subministración eléctrica se realice mediante instalación eléctrica, conectada á rede da compañía subministradora, deberá aportar os correspondentes certificados de instalación autorizado.
- Na solicitude presentada deberán figurar o número de titulares das casteas, postos ou atraccións así como os responsables dos mesmos.
- AS SOLICITUDES UNHA VEZ AUTORIZADAS, SERÁN INTRANSFERIBLES, prohibíndose a cesión da autorización ou do espazo, sendo o titular da autorización o responsable de calquera dano ou accidente que se puidera ocasionar.
- Os solicitantes comprométese a entregar toda a documentación requirida nesta convocatoria, así como a documentación que a normativa aplicable esixe para a declaración responsable de actividade recreativa, cumprindo os prazos establecidos e as normas de convivencia.
- Os espazos comúns destinados ao tránsito de persoas (corredor) deberán permanecer en todo momento libres de calquera tipo de obstáculo, prohibíndose a instalación de calquera tipo de vehículo ou obxecto que dificulte o paso.
- Serán por conta do titular da atracción, caseta ou posto, os custos de instalación, enerxía, ou subministros necesarios para o funcionamento dos postos ou aparatos.
- O titular da autorización será o responsable de calquera dano que se poida ocasionar no recinto, a terceiros, ou nos accesos, a consecuencia de accidentes derivados da instalación, montaxe, desmontaxe, ou funcionamento das súas respectivas atraccións, así como a inxestión de produtos alimenticios ou bebidas en mal estado, expedidas polos mesmos.
- O titular da autorización comprométese a colocarse dentro do espazo establecido e asignado para esa actividade e contar coa instalación autorizada, non permitíndose a colocación de ningún elemento fora da mesma, ni sequera as taquillas, estando totalmente prohibida a instalación de vehículos ou elementos que non formen parte da atracción ou do seu funcionamento.
- Os titulares disporán da autorización de uso e funcionamento en todo momento para facilitar ao persoal autorizado do Concello se fose requirida.
- Os titulares comprométese a cumprir todos os requisitos esixidos para o exercicio de cada actividade e obter todas as autorizacións ou licencias perceptivas de conformidade coa



lexislación vixente na materia e co establecido para as actividades a desenvolver.

#### XESTIÓN DE RESIDUOS:

- Os titulares da autorización están obrigados a controlar o depósito de lixo, proporcionando o Concello uns colectores que serán destinados exclusivamente a este fin.
- Non está permitido o baleirado de aceites usados, estando os titulares obrigados a ter un xestor autorizado de residuos .
- No artigo 67 da Ordenanza municipal reguladora de medio ambiente, limpeza e convivencia establece que é unha infracción leve o *“Depositar ou abandonar calquera clase de produto, en estado sólido, líquido ou gasoso, que poida alterar as condicións de limpeza que esixe a estética da vila, incluída a varredura da vía pública que recollan os particulares”*, prevendose no artigo 73 que a sanción pode ser dunha contía de ata 750 €.

#### PROHIBICIÓNS:

- Queda prohibido facer buracos no chan ou danar o espazo facilitado para a montaxe, debendo deixalo en óptimas condición de hixiene e conservación ao remate da festa.
- Queda prohibido que os animais Os animais de compañía dos titulares deberán estén soltos, debendo estar en todo momento controlados polos seus propietarios e sempre suxeitos as medidas de seguridade vixentes, non podendo estar ningún animal solto nin polo recinto nin nas atraccións, postos ou casetas.
- Prohíbese calquera tipo de venta ambulante NON AUTORIZADA no recinto da festa.
- Non se permite a venta de bebidas en envases de cristal e de bebidas alcohólicas a menores de 18 anos.
- Non se permite a exhibición de símbolos ou manifestacións verbais que inciten a violencia, racismo, xenofobia ou calquera outra discriminación que atente contra a dignidade humana.
- Queda prohibido desmontar o posto, caseta ou atracción antes do remate da programación completa da festa.
- Non respectar os m<sup>2</sup> outorgados a ocupar ou conlevará a invalidación da autorización de instalación temporal e desmontaxe inmediato da mesma.



## ORDES DE MONTAXE

- Iniciados os traballos de montaxe, os técnicos municipais poderán realizar, observacións ou ordenes que consideren oportunas para o cumprimento de determinadas cuestión técnicas, e o titular da autorización ten a obriga de realizalas inmediatamente. O incumprimento destas consideración dará lugar a rescisión da autorización.

## POSIBILIDADE DE RESCICIÓN DA AUTORIZACIÓN E EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE DO CONCELLO:

- O Concello resérvase o dereito de revocar a autorización ou de suspender a mesma antes do seu vencemento, si así o xustifican as circunstancias de funcionamento.
- O Concello de Gondomar non se responsabiliza de calquera dano ou prexuízo que puidera ocasionarse por inclemencias do tempo.
- Unha vez realizada a solicitude e realizado o pago da taxa establecido, non se devolverá o importe.

## 6. REQUISITOS DOS SOLICITANTES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Poderán presentar a solicitude de montaxe nas Festas de San Bieito 2025 as Asociacións de Feirantes ou Entidades análogas, así como as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non se atopen incurso en ningunha prohibición coa administración, acreditando a seguinte documentación:

- Solicitude segundo o modelo normalizado que figura como **Anexo I**
- Certificado de estar ao corrente coas súas obrigas fiscais con: CONSELLERÍA DE FACENDA, AXENCIA TRIBUTARIA E TESOURERÍA DA SEGURIDADE SOCIAL.
- Estar habilitados conforme a normativa de aplicación para a organización e Desenvolvemento das actividades a realizar.
- DNI /CIF do titular da instalación
- Documento de alta na I.A.E. e declaración censal de alta na CNAE, no seu caso.
- Certificado de instalación eléctrica
- Certificado de instalación de gas (de ser o caso)
- Certificado ( VIXENTE) da última revisión anual da instalación





- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pago. ( Cunha contía mínima de 150.000 € por instalación)
- Ultimo recibo de alta de autónomo.
- Carné de manipulador de alimentos de ser o caso.
- Documentación da atracción, posto ou caseta de ser o caso (CE; ITV; manual de mantemento e operacións, instrucións de montaxe )
- Certificado de correcto montaxe ou anclaxe de carpas (de ser o caso)
- Declaración responsable, **Anexo II**, que indique o seguinte:
  - Que é o titular da atracción caseta ou posto.
  - Identificación do responsable da montaxe da instalación
  - Que dispón das autorización necesarias para cumprir as condición de esta autorización.
  - Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións que se reflexan nesta convocatoria, e que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais así como co Concello de Gondomar.
  - Que se compromete ao cumprimento de todas e cada unha das obrigas detalladas nesta convocatoria.
  - Que se compromete ao aboamento da taxa reflexada na *Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por instalación de postos, casetas de venta, barracas, etc...*
  - Que se compromete a achegar toda a documentación necesaria ou requirida para a tramitación da autorización temporal de instalación nas Festas de San Bieito de Gondomar 2025.
- Memoria descritiva do conxunto da instalación, espazo necesario para a instalación contando todos os elementos, lista de aparatos que se van a montar. Nesta memoria deberán figurar perfectamente identificados:
  - Atracción, casetas, máquina...
  - Nome da atracción
  - Superficie a ocupar (segundo documentación da atracción)
  - Potencia requirida
  - Imaxe da atracción, posto ou caseta
  - Documentación técnica de cada atracción, caseta ou posto que especifique a instalación, os equipos de protección, aparatos que estean ao día en canto ao boletín de Industria, funcionamento, licenza de feirante, seguro de responsabilidade civil, accidentes, autónomos, certificado de correcto montaxe firmado e expedido por un técnico competente para o correcto funcionamento da atracción, no que o técnico certifique a seguridade e



- montaxe realizado tras a comprobación pertinente, revisión anual da atracción, certificado de homologación.
- Datos do propietario: Nome, apelidos, CIF/NIF, correo electrónico e teléfono de contacto.

**Toda a documentación requirida deberá estar ao nome do titular da actividade para que se considere correcta.**

No caso de existir varias solicitudes a nome da mesma persoas, deberá indicar e aportar a documentación de cada a cal se refire.

A documentación que se presente deberá ser orixinal ou copias auténticas.

No caso de que a documentación fose incompleta concederáse un prazo de corrección antes das datas de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Dito prazo será improrrogable e de non proceder a subsanación no prazo que se indique, a solicitude darase por DESESTIMADA.

## **7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes para participar nas Festas de San Bieito de Gondomar 2025 comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria na páxina web municipal [concellodegondomar.gal](http://concellodegondomar.gal) e no taboleiro de anuncios e finalizará o día 1 de xuño de 2025.

### **NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA SOLICITUDE FORA DE PRAZO.**

**Todas as solicitudes presentadas antes da aprobación e publicación desta convocatoria, deberán ratificar o seu interese en participar nas festas de San Bieito 2025, polo contrario a solicitude darase por rexeitada.**

Os interesados deberán achegar mediante o formulario que se achega con esta convocatoria a través do Rexistro Xeral electrónico, o seu



interese en participar nas Festas de San Bieito de Gondomar 2025 e achegar xa toda a documentación que se require nesta convocatoria.

Poderán atopar mais información na seguinte ligazón:

[www.concellodegondomar.gal](http://www.concellodegondomar.gal)

Unha vez revisadas as solicitudes presentadas e examinada toda a documentación, outorgarase a autorización temporal de instalación para a ocupación da superficie destinada para as Festas de San Bieito de Gondomar 2025, solo entón poderase proceder á montaxe.

O día 10 de xullo pola mañá, procederase a revisión das atraccións instaladas por parte de persoal autorizado do Concello de Gondomar.

As autorizacións poderán ser revocadas unilateralmente polo Concello de Gondomar, sen que isto conleve ningún tipo de compensación económica para o titular, en calquera momento por razón de interese público.

Así mesmo, as autorizacións temporais quedarían sen efecto si se incumpren as condicións que estiveran subordinadas.

**O día 10 de xullo ás 9:00h a totalidade das atraccións, casetas ou postos deberán estar completamente instalados e montados.**

**Non se autoriza a montaxe de ningún elemento posterior a esa data e sen autorización.**

## **8. TAXA ECONÓMICA**

Segundo se reflexa na *Ordenanza Fiscal Reguladora por instalación de postos, barracas, casetas de venda, etc.* no artigo 3 “constitúe o feito impoñible da taxa de utilización privativa ou aproveitamento do dominio público local por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como de industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, de conformidade co artigo 20.3n. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais...”

E no artigo 9, Réxime de Liquidación e ingreso no apartado A “cando se trate de servizos non periódicos, no momento de presentar a



*solicitud de concesión ou autorización do aproveitamento liquidarase e ingresarase a taxa. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado”.*

*No artigo 10, Xestión “As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización do aproveitamento sobre o dominio público municipal que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitud por escrito na que se detalle como mínimo: suxeito pasivo, situación exacta do lugar onde terá a cabo a ocupación (plano) e superficie a ocupar. O Concello previos os trámites oportunos, autorizará ou non a ocupación...”*

*“cando da ocupación do dominio público poida deducirse razoablemente a posibilidade de algún dano, o Concello poderá, de acordo co informe dun técnico municipal, fixar unha fianza para responder deses posibles danos, fianza que será devolta unha vez rematada a ocupación autorizada e comprobados os danos, de ser o caso...”*

O anexo que acompaña a esta ordenanza reflexa “As tarifas, para os supostos complementarios no Artigo 20.3.n do Real Decreto Legislativo 2/2024, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan establecidas da seguinte maneira:

<b>CONCEPTO</b>	<b>UNIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
Por ocupación	M2 ou fracción	0.40€/día

## **ANEXO I : SOLICITUDE PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE ATRACCIÓN DE FEIRA, NAS FESTAS PATRONAIS DE SAN BIEITO 2025 DO CONCELLO DE GONDOMAR**

### DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

- Nome e apelidos / Razón social:

---



---

• DNI/NIF: \_\_\_\_\_

• Enderezo:

---

• Teléfono: \_\_\_\_\_

• Correo electrónico:

---

#### DATOS DA ATRACCIÓN

• Tipo de instalación (indicar):

Atracción

Posto

Caseta

Outro:

---

• Descrición da actividade:

---

• Dimensións / m2: \_\_\_\_\_

#### DATOS DO RESPONSABLE DA MONTAXE

• Nome e apelidos / Razón social:

---

---

• DNI/NIF: \_\_\_\_\_

• Teléfono de contacto: \_\_\_\_\_

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marcar cun X):

- Memoria debidamente asinada polo solicitante informativa da ocupación solicitada ( xustificación, superficie a ocupar, obxeto a instalar, etc..).
- Declaración responsable ( ANEXO II) asinada.
- Copia do DNI/NIF do titular da instalación (CE; ITV; manual de mantemento e operacións, instrucións de montaxe).
- Xustificante de pagamento da taxa
- Documentación técnica da instalación



- Seguro de Responsabilidade civil e recibo do pago. (Cunha contía mínima de 150.000 € por instalación).
- Certificado de estar ao corrente coas súas obrigas fiscais con: CONSELLERÍA DE FACENDA, AXENCIA TRIBUTARIA E TESOURERÍA DA SEGURIDADE SOCIAL.
- Documento de alta na I. .A.E. e declaración censal de alta na CNAE, no seu caso.
- Certificado de instalación eléctrica
- Certificado de instalación de gas (de ser o caso)
- Certificado ( VIXENTE) da última revisión anual da instalación
- Último recibo de alta de autónomo.
- Outra documentación (especificar):  
\_\_\_\_\_

## DECLARACIÓN E COMPROMISOS

O/A abaixo asinante declara:

- Que os datos indicados son certos ao igual que é certa toda a documentación que se achega xunto a este escrito.
- Que leu e acepta os termos da convocatoria.
- Que se compromete a cumprir coas obrigas establecidas.
- Que dispón das autorizacións necesarias e está ao corrente das obrigas fiscais.
- Que aboará a taxa correspondente segundo a ordenanza vixente.
- Que achegará a documentación necesaria para a tramitación da autorización.

Asinado,

O/A solicitante.

En Gondomar, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025.



## ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI nº  
\_\_\_\_\_, e domicilio en  
\_\_\_\_\_,  
teléfono \_\_\_\_\_, e correo electrónico  
\_\_\_\_\_.

### NA SÚA CALIDADE DE:

- Titular da atracción / caseta / posto  
 Representante legal da empresa

### DECLARA, baixo a súa responsabilidade:

- Que é o titular da atracción, caseta ou posto que solicita a autorización para a súa instalación durante as Festas de San Bieito 2025 no Concello de Gondomar.
- Que a persoa responsable da montaxe da instalación é:  
Nome e apelidos: \_\_\_\_\_  
DNI/NIF: \_\_\_\_\_  
Teléfono de contacto: \_\_\_\_\_
- Que dispón de todas as autorizacións, licenzas e permisos necesarios para cumprir coas condicións esixidas na autorización solicitada.
- Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións previstas na convocatoria e que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais, así como co Concello de Gondomar.
- Que se compromete ao cumprimento de todas e cada unha das obrigas recollidas na convocatoria das Festas de San Bieito 2025.
- Que se compromete ao aboamento da taxa correspondente, segundo o establecido na *Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por instalación de postos, casetas de venda, barracas, etc.*
- Que se compromete a achegar toda a documentación necesaria ou que lle sexa requirida para a tramitación da autorización temporal de instalación.

**E para que conste, asina a presente declaración responsable,**



En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025.

